

**Resolución do 7 de marzo de 2017, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos/as, convocado pola orde do 12 de abril de 2016 (DOG núm. 84, de 3 de maio de 2016), pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do segundo exercicio da fase de oposición.**

En sesión que tivo lugar o día 7 de marzo de 2017 do tribunal nomeado pola orde do 24 de novembro de 2016 para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos/as, e acordou, de conformidade co disposto na base II.1.2.6 da convocatoria, que o segundo exercicio da fase de oposición terá lugar o día vinte e nove (29) de marzo de 2017, na aula nº 2 da Escola Galega de Administración Pública, en chamamento único que se iniciará ás 15:30 horas.

Os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal e bolígrafo de tinta azul

Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do que se poida valer o aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará no recinto ningún servizo de recollida de móbiles.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2017

O presidente do tribunal

Manuel Mateo Díaz

